



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES. RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

M^a Victoria Fdez.-España y Fdez.-Latorre, 2 • 15002 A CORUÑA
Tel. 981 203 000 • Fax 981 201 257 • ies.menendez.pidal@edu.xunta.es



INTERCAMBIO DE 1º de BAC CON COLCHESTER(Inglaterra) Curso 2019-2020; e Sondaxe de optatividade para 1º BAC ao alumnado que non cursase 4º de ESO no IES Ramón Menéndez Pidal neste ano.

Estimados pais:

O alumnado de 1º de BAC do curso 2019-2020 do noso centro terá a oportunidade de participar nun intercambio con estudantes dun centro de Colchester(Inglaterra). Sen embargo é necesario que este ano saibamos con certeza se temos suficiente número de familias interesadas na actividade a estas alturas, pois por este motivo xa perdimos este intercambio en dúas ocasións e hai outro centro de Palma de Mallorca que de non ir nós xa lles mostrou o seu interese.

As datas nas que terá lugar non as podemos concretar a día de hoxe; pero sempre falamos dunha semana nun país e doutra no outro país, intentando colisionar o menos posible con datas de exames, e buscando o momento máis alonxado do mal tempo que sexa posible.

O custo do total dos desprazamentos rondará os 450 euros e non cremos que chegue a 500 euros, incluídas as visitas dun día a Londres e outro a Cambridge.

O alumnado que participe no intercambio non sobrepasará os 20 alumnos/as, polo que de haber máis candidatos que prazas ordenaremos aos alumnos segundo o criterio que estableza unha Comisión que con tal fin se forme no centro.

A Inglaterra irán acompañados por dous profesores do departamento de inglés.

A semana que estean os ingleses no noso centro faremos, entre outras actividades, unha ruta do Camiño de Santiago, unha visita á cidade compostelá e unha actividade de surf.

Se queren máis información do centro escolar en Colchester, poden acceder ao seguinte enlace.

<https://www.colchsfc.ac.uk/>

Realizaremos unha reunión informativa cos pais ou titores no Salón de Actos o próximo venres día 24 de maio ás 17:00 horas para explicar os detalles da viaxe e coñecer o grao de interese nesta actividade polas familias. Igualmente, aproveitaremos a reunión para facer unha sondaxe sobre a elección de optativas do próximo curso aos alumnos que se incorporen novos que veñan doutros centros de ensino

Reciban un cordial saúdo

Antonio Frade Fraga, Vicedirección do IES Ramón Menéndez Pidal, 15 de maio de 2019

